



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Desenvolvemento Psicológico da Aprendizaxe no Ensino Secundario

Materia	Desenvolvemento Psicológico da Aprendizaxe no Ensino Secundario			
Código	O02M066V04102			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Sociais. Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	García Señorán, María del Mar Conde Rodríguez, María Ángeles			
Profesorado	Conde Rodríguez, María Ángeles García Señorán, María del Mar			
Correo-e	angelesconde@uvigo.es msenoran@uvigo.es			
Web	<a href="http://mpe.uvigo.es/index.php?lang=es">http://mpe.uvigo.es/index.php?lang=es</a>			
Descrición xeral	A presente materia ten un carácter básico e común para tódalas especialidades do posgrao de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Sitúase no primeiro cuadrimestre do primeiro curso e facilita a comprensión das claves do desenvolvemento humano e os cambios que teñen lugar nos procesos físicos e psicolóxicos (cognición, linguaxe, personalidade, etc.) ó longo do período da adolescencia. Estes coñecementos son fundamentais na formación de docentes da etapa secundaria xa que representan unha ferramenta indispensable para poder contribuír ó desenvolvemento dos adolescentes a través dunha axeitada planificación dos seus procesos de aprendizaxe			

## Competencias de titulación

Código	
A3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A6	Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable.
A8	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula e abordar problemas de disciplina e resolución de conflitos.
A15	Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.
A18	Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.
A19	Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe.

A20	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A21	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
A22	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.
A26	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
A38	Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
A41	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada
A45	Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización.
A48	Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A49	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.
B1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
B3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
- Coñece-las características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacionais.	saber	A18 A19 A26
- Comprende-lo desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe.	saber	A19
- Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.	saber facer	A20 A41 A45 B1
- Identificar e planifica-la resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e diferentes ritmos de aprendizaxe.	saber saber facer	A3 A6 A21 B3
- Coñece-los procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.	saber saber facer	A8 A15 A22 A38 A48 B3
- Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.	saber saber facer Saber estar / ser	A26 A49 B3

### Contidos

Tema	
1. FUNDAMENTOS DO COMPORTAMENTO HUMANO, DESENVOLVEMENTO E EDUCACIÓN	1.1. Conceptos de desenvolvemento, factores, teorías
2. PSICOLOXÍA EVOLUTIVA	2.1. Cambios corporais e desenvolvemento na adolescencia. 2.2. Desenvolvemento cognitivo na adolescencia. 2.3. Desenvolvemento afectivo-social na adolescencia
3. PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN	3.1. Enfoques conductuais da aprendizaxe na Educación Secundaria. 3.2. Enfoques cognitivos e socio-culturais da aprendizaxe na Educación Secundaria. 3.3. Factores Intrapersoais da Aprendizaxe: procesos e estratexias de aprendizaxe, motivación educativa, autoconceito e procesos metacognitivos. 3.4. Factores Interpersoais da Aprendizaxe: a interacción alumno-alumno e a interactividade profesor-alumnos
4. DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA	4.1. Descrición e avaliación.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	8.5	0	8.5
Traballos de aula	12	82	94
Probas de tipo test	2	8	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### **Metodoloxía docente**

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte das profesoras dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante
Traballos de aula	Resolución de actividades, estudo de casos, elaboración de documentos sobre a temática da materia, tanto de xeito individual como grupal, baixo a dirección das docentes

### **Atención personalizada**

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Propondránse actividades para resolver na aula e se resolverán dúbidas sobre contidos e actividades da materia

### **Avaliación**

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Actividades e prácticas a resolver na clase	70
Probas de tipo test	Preguntas sobre os contidos do temario	30

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Este mestrado ten a modalidade de ensino presencial, polo tanto a asistencia a clase e a realización dos traballos de aula son obrigatorios para a avaliación continua. Esta asistencia debe ser, a lo menos do 80% estando admitido faltar ó 20 % da presencialidade.

Para superar a materia será preciso que os estudantes obteñan tanto na proba tipo test como nos traballos de aula como mínimo un 50% da cualificación nese apartado.

O alumnado que non poida seguir a avaliación continua realizará unha proba dos contidos da materia, na data marcada no calendario do mestrado para os exames oficiais. Esta proba suporá o 100% da nota final. Os pormenores e características de dita proba serán concretadas polo profesorado o día da presentación da materia ou cando se faga a consulta persoalmente.

Aqueles estudantes que non superen as probas ou actividades obxeto de avaliación poderán recuperalas na convocatoria de xullo.

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **BIBLIOGRAFÍA BÁSICA**

Coll, C. (Coord.). (2010). *Desarrollo, aprendizaje y enseñanza en la Educación Secundaria*. Barcelona: Graó.

Coll, C., Palacios, J. y Marchesi, A. (Comps). (2001) . *Desarrollo psicológico y educación, 2. Psicología de la Educación*. Madrid: Alianza.

González-Pienda, J.A., González, R., Núñez, J.C. y Valle, A. (2002). *Manual de Psicología de la Educación*. Madrid: Pirámide.

Mayer, R.E. (2004). *Psicología de la Educación: Vol. II. Enseñar para un aprendizaje significativo*. Madrid: Pearson Prentice Hall.

Palacios, J, Marchesi, A. y Coll, C. (Comps.). (1999). *Desarrollo psicológico y educación: Vol. I. Psicología Evolutiva* .Madrid: Alianza Editorial.

Papalia, D.E. Olds, S.W. y Feldman, D.R. (2005). *Desarrollo humano*. México: McGraw-Hill.

García, J.N. (2001). *Dificultades de aprendizaje e intervención psicopedagógica*. Barcelona: Ariel.

Santrock, J.W. (2006). *Psicología de la Educación*. México: McGraw-Hill.

Santrock, J.W. (2006). *Psicología del desarrollo*. México: McGraw-Hill.

## MANUAL DE REFERENCIA PARA NON ASISTENTES

Martín, C. y Navarro, J.I. (Coords.). (2011). *Psicología para el profesorado de Educación Secundaria y Bachillerato*. Madrid: Pirámide.

---

### Recomendacións